

---

## Memoria 2018

---

Participación,  
personalización e  
humanización da atención  
sanitaria

---

Xerencia de Xestión Integrada de  
Pontevedra e O Salnés

---





|      |                                                                             |    |
|------|-----------------------------------------------------------------------------|----|
| 1.   | ESTRUTURA E MODELO ASISTENCIAL .....                                        | 2  |
| 1.1. | ENTORNO .....                                                               | 2  |
| 1.2. | ÁMBITO ESTRATÉGICO .....                                                    | 2  |
| 1.3. | PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....                                                  | 5  |
| 2.   | INTERVENCIÓNS ORIENTADAS Á HUMANIZACIÓN E PERSONALIZACIÓN DA ATENCIÓN ..... | 13 |
| 2.1. | PERSONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS .....                               | 13 |
| 2.2. | INICIATIVAS DE HUMANIZACIÓN .....                                           | 18 |
| 2.3. | ELIMINACIÓN DE BARREIRAS .....                                              | 23 |
| 2.4. | INFORMACIÓN E SERVIZOS .....                                                | 25 |
| 2.5. | ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E DE ATENCIÓN EMOCIONAL .....                     | 28 |
| 2.6. | EMPODERAMENTO DE PACIENTES .....                                            | 32 |
| 2.7. | APROXIMACIÓN Á POBOACIÓN .....                                              | 34 |
| 3.   | RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA .....                                   | 46 |
| 4.   | RECOÑECIMENTOS .....                                                        | 49 |

## 1. ESTRUCTURA E MODELO ASISTENCIAL

### 1.1. ENTORNO

A área sanitaria de Pontevedra e xestiona todos os servizos sanitarios de atención primaria e hospitalarios dos seguintes concellos: Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Forcarei, O Grove, Illa de Arousa, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Moraña, Poio, Ponte-Caldelas, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Soutomaior, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

En total, ten una poboación protexida de 293.711 habitantes, dos que 37.797 son nenos entre 0 e 14 anos, un 12,87% da poboación protexida, e 64.995 teñen máis de 64 anos que representan un 22,13% da poboación protexida.

Para desenvolvemento da súa actividade asistencial a Xerencia de Pontevedra e O Salnés conta con 44 Centros de Saúde e Consultorios e 9 Puntos de Atención Continuada, o Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra –CHOP, integrado polo Hospital Montecelo e o Hospital Provincial e o Hospital do Salnés.

### 1.2. ÁMBITO ESTRATÉGICO

#### **Misión**

Ofrecemos unha atención sanitaria integral e desenvolvemos o noso labor pensando nas necesidades e expectativas das persoas, a quen presto servizos individualizados que respectan a súa autonomía e dignidade.

Con preferencia, centrámonos en acompañar e resolver os problemas dos pacientes maiores, daqueles que padecen enfermidades crónicas e dos nenos/ as.

#### **Visión**

Aspiramos a seren recoñecidos como un axente de transformación social, a través da promoción da saúde e a prestación de servizos sanitarios de calidade. Queremos ser unha organización na que confía a nosa poboación, unha organización con profesionais comprometidos e con sentido de pertenza á institución.

#### **Valores**

##### *Innovación*

Utilizamos as oportunidades que o avance científico e tecnolóxico pon ao alcance da asistencia sanitaria, en beneficio do paciente.

Promovemos a formación continuada, a investigación e a docencia, co fin de mellorar a competencia profesional, xerar coñecemento e ofrecer aos traballadores un ámbito de desenvolvemento profesional atractivo.

#### *Traballo en equipo*

Deseñamos e organizamos os servizos coa participación e o compromiso dos profesionais.

Promovemos que os profesionais traballen en estreita colaboración e compartan obxectivos esenciais da saúde dos pacientes.

Apoiamos a implantación de ferramentas que faciliten a xestión do proceso asistencial, a comunicación e as actividades que fortalecen as relacións interpersoais.



#### *Responsabilidade compartida*

Asumimos un rol activo no noso labor diario e comprendemos a transcendencia das nosas accións individuais e colectivas.

Entendemos que a responsabilidade sobre o proceso asistencial corresponde a diferentes profesionais que han de coordinarse en beneficio do paciente e especialmente, nos tránsitos entre niveis e dispositivos asistenciais.

#### *Ética*

Mantemos os nosos valores de servizo á poboación, de trato adecuado, de respecto á dignidade e autonomía, de seguridade e confort, tendo á persoa, as súas necesidades e expectativas, como punto de partida das nosas decisións.

Temos conciencia e responsabilidade sobre o medio ambiente e preocupámonos de preservalo para xeracións futuras.

#### *Compromiso*

Asumimos as nosas tarefas comprometidos coa institución, enfocando o noso esforzo para brindar atención de calidade aos nosos pacientes e a súa familia.

Potenciamos o desenvolvemento persoal e profesional dentro dun marco laboral de traballo en equipo, de motivación, promoción e satisfacción individual.

Os profesionais comprométense coa poboación e coa súa contorna, colaborando coas iniciativas sociais en materia de saúde.

### *Eficiencia*

Logramos os nosos obxectivos baseándonos en procesos e métodos de traballo que son avaliados de forma continua para optimizar o seu funcionamento e lograr os mellores resultados.

### **Sistema de Xestión de Calidade**

A Calidade é unha parte integral dos principios corporativos. O noso compromiso é ofrecer servizos satisfactorios, de valor e co mellor resultado posible baseándonos nos seguintes principios:

- O control de riscos garante a maior seguridade na atención
- As decisións clínicas teñen en conta o coñecemento científico actual e buscan o maior beneficio para o paciente
- O mellor servizo é o que proporciona valor a pacientes e familias
- Os servizos han de ser cada vez máis accesibles, próximos e áxiles
- A coordinación dos profesionais e o seu compromiso coa saúde dar un valor fundamental ao servizo.
- Os pacientes debe responsabilizarse no seu coidado

A nosa vocación é xestionar cada vez mellor os recursos públicos, co fin de ampliar de maneira continua nosa cobertura asistencial docente e investigadora. Aplicamos criterios de racionalidade económica, de forma honesta e transparente para garantir a sostenibilidade.

A nosa Política de Calidade resume os elementos esenciais do noso compromiso pola excelencia e inclúe:

- Fomentar unha cultura de calidade co fin de desenvolver, implantar e proporcionar servizos seguros, confiables e satisfactorios, dirixidos a lograr que a sociedade goce do maior nivel de saúde e benestar.
- Cumprir coas leis e regulacións que aplican, así como cos requisitos internos do Servizo Galego de Saúde.

Actualmente, desenvolvemos actuacións orientadas aos obxectivos estratéxicos centrados en satisfacer as expectativas dos pacientes nun entorno de sostenibilidade. A continuación describimos as principais intervencións baseadas na personalización da atención prestada a pacientes e familias.

### 1.3. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A xerencia ten a firme vontade de fomentar da participación cidadá na sanidade e na saúde. As asociacións de pacientes son un instrumento de cooperación e información para a mellora da saúde e do benestar colectivo, ademais dun valor social de seu, que aparece recollido tanto na *Ley General de Sanidad* coma na Lei de Saúde de Galicia.

No ámbito da área sanitaria de Pontevedra entendemos que dispor do seu apoio e do seu asesoramento resulta especialmente significativo para mellorar a calidade de vida dos pacientes e familias e para mellorar a planificación e optimización da actividade e dos servizos asistenciais da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra (EOXI de Pontevedra).

**ESPAZO PARA AS ASOCIACIÓNS DE PACIENTES.** As asociacións de pacientes da área de Pontevedra contan desde febreiro de 2018, cun local nas instalacións do Hospital provincial da EOXI para o seu uso compartido. Aténdese así a unha demanda de estes colectivos, ofrecéndolles un espazo propio para realizar funcións informativas, de divulgación e apoio a aqueles pacientes e familiares que o requiran. Desde xullo de 2018, contamos cun local nas instalacións do Hospital do Salnés de desde setembro, con local no Hospital Montecelo.





**REUNIÓN COAS ASOCIACIÓNS DE PACIENTES** . Durante 2018 realizáronse contactos con 29 asociacións de pacientes da área sanitaria, co fin de establecer una canle de comunicación clara e continua entre elas e a organización sanitaria. Os contactos foron presenciais e cos seguintes obxectivos:

- presentar Espazo de Asociacións de pacientes no Hospital Provincial: procedemento e solicitude
- oferta de colaborar na organización do día da enfermidade
- coñecer se realizan algunha actividade nos nosos centros e en caso afirmativo, propoñer acordo de colaboración
- coñecer as actividades que realizan fóra dos centros e facilitar a difusión nos nosos centros
- ofrecer colaboración para organizar xornadas nos nosos centros
- profesionais dos nosos centros que colaboran coas asociacións





## **PARTICIPACIÓN DAS ASOCIACIÓNS EN SESIÓNS CLÍNICAS**

Co fin de impulsar a comunicación entre os profesionais e as asociacións presentes nos espazos asociativos dos hospitais, a xerencia facilitou a intervención das asociacións dentro das sesións clínicas de diferentes servizos. Con estas intervencións preténdese favorecer a participación dos profesionais sanitarios nas actividades que organizan as asociacións, e mellorar o coñecemento que teñen os profesionais acerca das súas funcións complementarias á atención sanitaria.

### **ATENCIÓN PRIMARIA**

- Sesións clínicas de sensibilización dos profesionais coas persoas xordas Asociación de Xordos de Pontevedra en:

CENTRO DE SAÚDE de Lérez

CENTRO DE SAÚDE Virxe Peregrina



- Asociación de Parkinson Sesión clínica no Servizo de Neuroloxía





- Profesionais de XOGA interveñen na Sesión clínica en Servicio de ORL



- Profesionais de DiabetesCERO presentan os seus proxectos de investigación aos responsables de Endocrinoloxía



- Sesión clínica de Traballadora social de ALCER sobre MEDRA programa de intervención de menores e familias que se desprazan fora de Galicia, co Coordinador de Transplantes, Xefe de Servizo de Uroloxía e Pediatría e supervisores de Enfermería.



## CONGRESOS, XORNADAS, TALLERES CON ASOCIACIÓNS

- ADICAM “Cangas do Morrazo”, participación del Dr Constenla en Xornada CANCER MAMA
- ANEDIA” acendido de luces en deputación, participación de 1 DUE e 1 Pediatra na “milla”, taller de psicóloga con nenos adolescentes diabéticos.



- ASEARPO:
  - XIV Jornada de octubre mes de la Artritis
  - Taller Escuela de Padres de niños con AIJ
  - Taller de alimentación y ejercicio en la Artritis



- XXVIII Congreso de la SOGARE



- XORNADAS MONOGRÁFICAS DE ACTUALIZACIÓN EN ENFERMIDADE INFLAMATORIA INTESTINAL "Déixate ver", os seus organizadores queren visibilizar unha enfermidade que en Galicia afecta o 1% de toda a poboación. Coñecer os seus síntomas para unha detección precoz pode minimizar os seus efectos e incluso deter a enfermidade.
- IV XORNADA PROVINCIAL BENESTAR SOCIAL DAS PERSOAS OSTOMIZADAS, organizada por profesionais do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra en colaboración con ASSEIPO
- XIV XORNADA NACIONAL DE ARTRITIS EN PONTEVEDRA. ASEARPO actualidade dos biolóxicos, biosimilares e biotecnolóxicos.
- ASOCIACIÓN ALBA expoñen a súa arte en Poio polo Día da Saúde Mental.
- XXXVI XORNADAS DE LA SOGARMEF en Pontevedra.



- XII EDICIÓN DAS XORNADAS DE PÁRKINSON no Hospital Provincial. Organizado pola Asociación de Parkinson, con motivo da celebración d Día Mundial del Parkinson.



**NOVO ENFOQUE DE ATENCIÓN AO PACIENTE:** a área de Atención ao Paciente atende e asesora aos usuarios dos servizos sanitarios públicos do Sergas orientando tanto aos pacientes coma aos seus familiares cando acoden ou ingresan nos hospitais. A área tutela do cumprimento dos dereitos dos pacientes e usuarios, atendendo as suxestións que se presenten e propoñendo así mesmo resolucións e actuacións de tutela, sempre de acordo á lexislación vixente. De forma particular, esta unidade leva a cabo os seguintes servizos:

- **Información** xeral e información específica
- Atención e **acollida** personalizada a pacientes e familiares
- Apoiar a realización de **xestións** concretas para axilizar os trámites que faciliten a atención aos pacientes, tanto nos diferentes servizos do hospital, como nos demais centros da xerencia
- Asesoramento a familiares e pacientes para que poidan resolver os problemas que lle poidan xurdir durante a súa estancia no hospital
- Recepción de queixas, **reclamacións e suxestións**
- Promover a implantación de **E-saúde** e avisos telemáticos
- Información e recepción de solicitudes de **Documentación Clínica** para canalizalas ao arquivo
- Xestión do uso dos **Espazos Asociativos** da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra – O Salnés
- Información e formalización de **Instrucións previas** (testamento vital)

En 2018, **renovouse a estrutura**, situación e sinalización da área de Atención ao Paciente do Hospital Provincial. Emprazada xunto ao banco de sangue no andar 0 da parte posterior do bloque central deste centro hospitalario do Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP), con acceso desde a rúa Joaquín Costa.

Con máis de 60 metros cadrados de capacidade, contan con tres despachos, área de recepción e vestíbulo.





Os profesionais da unidade de Atención ao Paciente atenden aos pacientes mediante unha escoita activa das súas necesidades e transmiten as súas inquedanzas, queixas e suxestións aos profesionais que teñen capacidade para levar a cabo intervencións de mellora.

As reclamacións dos pacientes son medicións indirectas da calidade. Os pacientes teñen o dereito de presentar unha queixa e a organización de respondela. Todas as reclamacións son lidas e valoradas, en detalle, por todos os profesionais implicados, de forma que cando consideran que deben intervir e a situación requíreo, así o fan, tendo en conta sempre o interese xeral.

O gran cambio que realizamos é que todas as queixas chegan aos responsables dos servizos para que poidan resolver, no posible, os casos particulares e así poidan intervir na realización das melloras que consideren necesarias na organización dos seus servizos. En 2018 desenvolvéronse diferentes medidas para dar máis axilidade e calidade na resposta e favorecer a implicación dos Xefes de Servizo e coordinadores enfermería na resolución dos problemas. Os obxectivos que nos marcamos foron:

- Garantir a dereito resposta en 30 días
- Resolver ou reparar o problema do paciente, tendo en conta os recursos dispoñibles e a súa prioridade clínica
- Aprender dos erros para mellorar a atención
- Mellorar a imaxe corporativa

## 2. INTERVENCIÓNS ORIENTADAS Á HUMANIZACIÓN E PERSONALIZACIÓN DA ATENCIÓN

### 2.1. PERSONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS

#### ATENCIÓN PRIMARIA

ÁREA DE MATRONAS.: humanización dos espazos no Centro de saúde de Baltar, Sanxenxo



ÁREA DE PEDIATRÍA: ampliación da consulta no Centro de Saúde de Baltar, Sanxenxo e Centro de Saúde de Cambados

SALA EXTRACCIÓNS: remodelación no Centro de Saúde de Baltar, Sanxenxo

PAC: remodelación no Centro de Saúde de Baltar, Sanxenxo

CONSULTA PEDIATRÍA: ampliación

SALAS DE ESPERA: supresión de muros separadores, liberación do espazo dedicado a documentación para dedicalo a asistencia no Centro de Saúde Virxe Peregrina

## **ATENCIÓN HOSPITALARIA**

**MURAI S CON MOTIVOS INFANTÍ S.** Distintas zonas están decoradas con murais con motivos infantís, con mobiliario infantil en cores rechamantes, xoguetes, libros para colorear.



**SALAS DE ESPERA EN CONSULTAS EXTERNAS.** Actuación en salas de espera de Consultas Externas de Pediatría, con mobiliario infantil en cores rechamantes, xoguetes, libros para colorear, etc, que fan que ditas salas emulen a cuartos de xogos. Ademais decoráronse as paredes dentro dunha iniciativa liderada por un grupo de seis alumnas da facultade de Belas Artes de Pontevedra para humanizar diferentes espazos no Hospital Provincial.



**APERTURA DUN HOSPITAL DE DÍA PEDIÁTRICO.** É un espazo con capacidade para oito pacientes, co que se pretende conseguir unha maior comodidade e benestar para os pacientes pediátricos da comarca, xa que a súa actividade asistencial apenas altera ou interfere coa súa vida familiar, pois o mesmo día de efectuarlles o seu proceso médico ou cirúrxico, devanditos pacientes poden volver ao seu ámbito cotián e domiciliario, reducindo o seu nivel de ansiedade e facilitando así unha recuperación máis rápida.



**SALAS DE ESPERA EN URXENCIAS.** Actuación en salas de espera de Urxencias de Pediatría de Hospital Salnés, con mobiliario infantil en cores rechamantes, xoguetes, libros.






**REDESEÑO DA ÁREA DE URXENCIAS:** recoñecida co segundo premio na V edición dos galardóns B. Salut- Chiesi en xestión sanitaria, a reforma busca crear unha área máis harmoniosa, orientada ao usuario, o seu confort e a súa accesibilidade á información, co obxectivo de contribuír á xeración de confianza no usuario, diminuindo a posible ansiedade, axudando a entender o proceso e mellorando a intimidade e a comodidade da espera.



**HOSPITALIZACIÓN:** humanización da unidade M1 do Hospital Provincial por unha enfermeira





**MURAI EN SALAS DE ESPERA E ÁREAS COMÚNS.** Realización de murais nas áreas de Psiquiatría, Coidados Paliativos ou Oncoloxía, dentro dunha iniciativa liderada por alumnas da facultade de Belas Artes de Pontevedra para humanizar diferentes espazos no hospital.



**VINILOS EN SALAS DE ESPERA E ÁREAS COMÚNS.** para humanizar diferentes espazos dos hospitais de Montecelo e Salnés.



## 2.2. INICIATIVAS DE HUMANIZACIÓN

**RENOVACIÓN ÁREA DE NEONATOLOXÍA DO HOSPITAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA:** a reforma, cun orzamento de 375.000 euros ampliou os espazos para o traballo dos profesionais e a implantación dun modelo asistencia centro na atención do bebé e a súa familia. Tamén se potenciaron as condicións de bioseguridade ambiental e de seguridade eléctrica, o equipamento e a humanización e confort da Unidade facilitando unha mellor execución dos coidados asistenciais.



A Unidade de Neonatoloxía presta coidados intensivos e intermedios de nivel II como corresponde a un hospital de área e realiza 4 procesos asistenciais de nivel III como corresponde a un hospital de referencia, segundo a normativa actual. (RD 1277/2003)

Na actualidade, e no noso medio obsérvase unha crecente taxa de prematuridade que ven a reflectir cambios na práctica asistencial. Nos últimos anos fóronse baixando a idade

xestacional e peso en que se considera viable ao prematuro ata 23-24 semanas de idade xestacional e 400-500 gr de peso. Os avances nos coidados médicos e de enfermería posibilitan a supervivencia de neonatos cada vez máis inmaduros. Neste punto débese destacar que os coidados iniciais, sobre todo dos bebés “grandes prematuros” require dun reforzo do modelo asistencial que evite ou supere co maior éxito as posibles complicacións e mellore o seu pronóstico a longo prazo.

Con esta actuación, a Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés adaptase aos novos retos aos que se enfronta a atención na Unidade de Neonatoloxía e facilitará a dotación dunha nova estrutura, que xunto cos esforzos dos profesionais médicos e de enfermería, permitirán abordar a complexidade clínica, mellorar a supervivencia e diminuír as secuelas destes pacientes. As obras de remodelación e o reforzo no equipamento asistencial facilitarán que os profesionais presten unha atención máis intensiva e continuada aos bebés que o precisen pola súa complexidade.

Sinalar tamén que a preocupación dos neonatólogos non é so a supervivencia do neonato, senon tamén que este alcance un bo desenvolvemento e calidade de vida, no que a familia xoga un papel prioritario. Neste senso, a Unidade de Neonatoloxía do Hospital Provincial de Pontevedra vai a implantar un novo modelo de atención a prematuridade, no que resulta clave que os espazos se convertan en máis amables e adecuados para a prestación de coidados centrados no desenvolvemento dos bebés e as súas familias, incorporando salas de acollida e descanso, de información para pais ou de colaboración coas Asociacións de pacientes. Un espazo que favoreza a lactación materna, incorporando o Banco de Leite materno doado, sillóns para realizar o pel con pel ou método canguro ou salas de lactación materna.

**BANCO DE LEITE MATERNO:** o Hospital Provincial de Pontevedra conta dende hai uns días cun punto de recollida do banco de leite materna que funciona para o sur da comunidade galega e que ten a sede principal en Vigo. Con este novo centro satélite, preténdese facilitar a doazón e aumentar este recurso tan importante para a área de Neonatoloxía.

O Banco de leite materna proporciona alimento a lactantes hospitalizados que carecen de leite da súa propia nai, especialmente prematuros e nenos enfermos. Os beneficios desta leite están contrastados e organismos internacionais coma OMS ou UNICEF considéranla a mellor alternativa cando non hai leite materna da propia nai.

A nova infraestrutura do Hospital Provincial facilitará as doazóns, ó non ter que desprazarse a Vigo as doantes. No punto de recollida entrégaselle o material para realizar a extracción, que se pode facer na casa. Tanto en atención primaria coma dende a área de partos, infórmase ás futuras nais da posibilidade de doar leite materna. Tamén nos grupos de apoio á lactancia materna se ofrece información sobre como facerse doante. O obxectivo do novo centro de recollida do Provincial é manter activas de forma sostida un grupo de entre 5 e 10 doantes.





**SALAS DE LACTACIÓN MATERNA.** Dispoñen de tres espazos, una sala en cada un dos tres Centros Hospitalarios da EOXI, para favorecer a alimentación natural do bebé, no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) que promoven a OMS e UNICEF.



**ACREDITACIÓN IHAN HOSPITAL SALNÉS.** Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) que promoven a OMS e UNICEF. Hospitais IHAN 2016. Hospital do Salnés (Vilagarcía de Arousa) Pontevedra Obtivo a acreditación o 31 decembro de 2004. En 2018 realizouse a auditoría externa de renovación do certificado.





**10 PASOS PARA UNA  
LACTANCIA NATURAL FELIZ**

- Paso 1>** Tener una normativa de lactancia que todos conocen y cumplen.
- Paso 2>** Capacitar a los trabajadores para que puedan poner en práctica la Normativa de Lactancia.
- Paso 3>** Asegurar que todas las embarazadas reciben información sobre la importancia de la lactancia y cómo conseguir un amamantamiento feliz.
- Paso 4>** Ofrecer a todos los bebés contacto piel con piel precoz con sus madres tras el parto y ofrecer ayuda para iniciar la lactancia en la primera media hora de vida.
- Paso 5>** Ayudar a las madres a amamantar y a mantener la lactancia en caso de separación.
- Paso 6>** No ofrecer a los recién nacidos amamantados otros líquidos sin indicación médica.
- Paso 7>** Asegurar que todos los recién nacidos permanecen con sus madres las 24 horas del día.
- Paso 8>** Animar a las madres a amamantar a demanda.
- Paso 9>** No ofrecer a los bebés amamantados biberones, tetinas ni chupetes.
- Paso 10>** Fomentar la creación y el contacto con grupos y recursos de apoyo a la lactancia en la comunidad.

Además, cumplir el Código de Comercialización de Sucedáneos, ayudar igualmente a la madre que no amamanta y ofrecer una asistencia amigable a la madre durante el parto.



**UNIDAD DE TRABAJO, PREPARACIÓN E RECUPERACIÓN DO PARTO (UTPR).** Actualmente dispoñen de 1 unidade deste tipo no Hospital do Salnés, no que a nai e o seu acompañante permanecen durante as tres fases dun parto minimamente intervindo, e ata 2 horas despois do mesmo, evitando así traslados innecesarios.

As UTPR son unidades íntimas e integradas, que facilitan a privacidade e a participación activa da parella/acompañante en todo o proceso do parto, e dispoñen de todo o material médico necesario (cama de partos, monitoraxe materno- fetal ou berce térmico), así como de elementos de apoio no período de dilatación (bañeira de partos, pelotas, asentos específicos, etc.)



**AMPLIACIÓN DE HORARIO NO HOSPITAL DE DÍA ONCOLÓXICO.** Habilítase unha quenda de tarde co fin de favorecer a oferta de horario asistencial que mellor se adapte ás necesidades individuais do paciente, minimizando a presión asistencial da quenda de mañá. Ademais, conséguese axilizar a citación de pacientes, mellorando os posibles tempos de espera para recibir o tratamento.


**SUEÑÓN.** Este proxecto xorde da necesidade de abordar, desde os profesionais da saúde co liderado de enfermería, o problema da interrupción do soño nos pacientes hospitalizados e a súa consecuente falta de descanso. Abordar unha situación coa que se atopa calquera persoa que, por unha ou outra razón, ten que pasar algunha noite nalgún dos hospitais do noso Sistema Nacional de Saúde, poñendo en marcha algunhas solucións que poden axudar a mellorar este problema e que son de fácil implantación





## 2.3. ELIMINACIÓN DE BARREIRAS

**PICTOGRAMAS.** Sinalización de diversos Servizos, como Urxencias, Rehabilitación, Radioloxía, Hospitalización, Consultas e zonas de uso xeral, por medio de pictogramas de ARASAAC co obxectivo de facilitar o acceso á información dos pacientes con Trastorno do Espectro Autista (TEA) a través de pictogramas, pero tamén de persoas con algunha discapacidade intelectual ou visual, ou sen alfabetizar



**SINALIZACIÓN HORIZONTAL.** Marcacións no chan guían aos usuarios que acceden desde a entrada no Servizo ata a área de admisión, a sala de espera de familiares, as zonas de triaxe ou a sala de espera de pacientes.



**SINALIZACIÓN HORIZONTAL.** Delimitación das áreas de aparcamento de cadeiras de rodas e padiolas nos Hospitais Provincial, Montecelo e Salnés.



**LINGUAXE PERSOAS XORDAS:** capacitación profesional charlas organizadas pola xerencia en colaboración coa Federación de Persoas Xordas de Galicia..



**BAÑOS PARA PACENTES OSTOMIZADOS.** O Hospital de Montecelo foi o primeiro Centro hospitalario español en instalar un aseo adaptado a pacientes ostomizados e actualmente dispoñen xa de 3 unidades en toda a EOXI.

Dado o número de pacientes portadores dunha bolsa de ostomía na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, ao redor duns 2.000, detectouse desde o Centro hospitalario a necesidade de dispoñer dun baño que se adaptase ás necesidades demandadas por este colectivo de pacientes, polo que o propio persoal de mantemento do Complexo, coa colaboración de varias asociacións de pacientes, deseñou un prototipo de aseo con todo o necesario para facilitar o manexo da bolsa de ostomía. Ademais, conta cunha ducha de auga quente sanitaria con regulación e adaptada para que os pacientes disparen o chorro cunha man e poidan ter a outra libre para coller a bolsa.

O Hospital do Salnés estreou aseo adaptado para pacientes ostomizados en maio de 2018, que se engade aos dous que prestan servizo no Hospital Montecelo de Pontevedra.





## 2.4. INFORMACIÓN E E SERVIZOS

### 2.4.1. INFORMACIÓN

#### GUIAS DE ACOLLIDA

- Guía de acollida do Hospital de Día de Hematoloxía
- Guía de acollida Psiquiatría-Saúde Mental
- Guía de acollida 6ª Medicina interna
- Guía de acollida Hospital de Día de Pediatría
- Guía de acollida Endoscopías
- Guía de acollida no Hospital de Día Pediátrico



**PANEIS INFORMATIVOS EN URXENCIAS PEDIÁTRICAS.** Deseño de paneis informativos tipo cómic elaboradas por *reizentolo*, coas que dar información sobre o circuito do paciente e que explican as funcións dos profesionais, achegando así información sobre o proceso de atención.



#### 2.4.2. E- SERVICIOS

**PROXECTO "LEMBRA".** Implantación na área cirúrxica dun sistema de avisos, vía SMS, aos familiares de pacientes do fin da cirurxía, co fin de evitar aglomeracións nas salas de espera e reducir así o nivel de ansiedade dos acompañantes do paciente. No caso de que a intervención sexa longa, o equipo cirúrxico pode enviar tamén outra mensaxe advertindo aos acompañantes de que a cirurxía segue o seu curso para tranquilizarlles.

**IMPLANTACIÓN DO SISTEMA "QUENDA" EN ATENCIÓN PRIMARIA.** Trátase da plataforma Quenda Medic, que apoia o persoal de servizos de obtención de cita, recepción, asignación de turnos de atención e acceso dos usuarios aos servizos de saúde que necesiten, permitindo obviar trámites administrativos á vez que reduce o tempo de espera nas salas. As pantallas da plataforma difunden contidos dixitais que, ademais de facilitar a circulación de pacientes de consultas externas, promoven hábitos de vida saudable, ou calquera tipo de información sobre saúde.

- CENTRO DE SAÚDE de: Virxe Peregrina e A Parda de Pontevedra, San Roque de Vilagarcía
- PACs
- Hospital del Salnés

**CONECTA 72:** a iniciativa permite que os enfermeiros realicen o seguimento dos pacientes nas 72 horas posteriores ao alta tras un ingreso nun dos hospitais da área sanitaria.

Conecta 72 activa automaticamente unha alerta na axenda das enfermeiras de Atención Primaria cada vez que un paciente é dado de alta, de modo que se xera unha cita para consulta no seu centro de saúde. Nun prazo non superior a tres días, o enfermo recibe unha chamada coa que se inicia o seguimento da súa evolución.

En 2018, **22.377** pacientes da área sanitaria foron atendidos por persoal de enfermería no marco do programa Conecta 72.

**e-saúde:** a iniciativa permite que os enfermeiros realicen o seguimento dos pacientes nas 72 horas posteriores ao alta tras un ingreso nun dos hospitais da área sanitaria. É a ferramenta do Sergas de comunicación co cidadán, accesible desde calquera lugar e dispositivo (computador, móbil, tableta...) que lle permite o acceso a servizos e contidos de saúde personalizados. A 18 de decembro de 2018 la xerencia de Pontevedra O Salnés, **5.547** persoas están de alta neste portal.



## 2.5. ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E DE ATENCIÓN EMOCIONAL

**APOIO PSICOSOCIAL:** Convenio coa **Asociación Española Contra el Cáncer (AECC)**: dos convenios de colaboración que potencian o voluntariado e a atención psicosocial nas áreas de Oncoloxía, Hospitalización a Domicilio (HADO) e Cuidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (CHOP) e o Hospital do Salnés.



**PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR.** Proxecto liderado por voluntarios de **Cruz Vermella** que quedan acompañando aos nenos cando os seus pais necesitan dun tempo fora do hospital.



**PROGRAMA DE ACTIVIDADES LÚDICAS E DE ANIMACIÓN:** Convenio de colaboración entre **SEK-Atlántico** e o CHOP (Complexo Hospitalario de Pontevedra). Alumnos voluntarios do programa do Diploma do Bacharelato Internacional acudirán á planta de hospitalización pediátrica para acompañar aos nenos ingresados e colaborar co Servizo de Atención Escolar do Hospital Provincial.



**PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLA HOSPITALARIA.** coa colaboración de varias asociacións, sobre todo a **Cruz Vermella**, **Fundación Andrea** e a **Fundación Theodora**.

Espectáculos e actividades moi variadas como xogos, manualidades, animación á lectura, pallasos, contacontos, pintura, concertos, festas en datas sinaladas, visita dos reis magos, visita dos xogadores do Pontevedra, celebración do Entroido





**PROGRAMA “PONTE GUAPA, TE SENTIRÁS MEJOR”.** Programa da Fundación STANPA, destinado a axudar a pacientes con cancro a recuperar a súa imaxe posiblemente alterada polos efectos secundarios do tratamento, mediante talleres de beleza impartidos por profesionais de estética voluntarios e profesionais da saúde en colaboración coa AECC. Preténdese que as pacientes reforcen a súa confianza e autoestima.



**PROXECTO “LAS MIL Y UNA GRULLAS”.** Intervencións artísticas desenvolvidas no Hospital de Día psiquiátrico por un grupo de pacientes do Servizo de Psiquiatría e os alumnos de fin de grao da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, co obxectivo de mellorar a estancia no hospital, a imaxe social, a escoita ao paciente e transmitir valores compartidos.



**DIPLOMA DE NACIMENTO.** Agasállase aos pais do recentemente nado cun diploma personalizado. É un documento que recolle a hora exacta do nacemento, o talle, peso, nome e apelidos do seu fillo. Esta iniciativa pretende poñer de relevancia o papel da muller durante o proceso do embarazo e celebrar o comezo da súa maternidade.



**PROXECTOS MUSICAIS.** “Un mes, un son” e “Música en píldoras”, postos en marcha pola Xerencia do Hospital de Pontevedra en colaboración co Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga. Un solista, un dúo..., actúan en unidades e espazos craves dos Centros sanitarios pertencentes á EOXI de Pontevedra e O Salnés.



Xornada de micro-concertos no Hospital do Salnés, no marco do Festival Internacional de Música Clásica de Vilagarcía de Arousa.



## 2.6. EMPODERAMENTO DE PACIENTES

### TALLERES DE PACIENTES

- Úlceras fóra
- Coidado de maiores
- Coidado de lombo
- Embarazo
- Disfagia orofarínxea
- Taller paciente experto sobre Diabetes con metodoloxía Stanford



**GRUPOS FOCAIS CON PACIENTES.** Búscase coñecer de primeira man a opinión dos pacientes dunha determinada afección e mellorar así o tratamento que se lles proporciona no hospital, en aspectos como a accesibilidade, os tempos de espera, a coordinación con outros especialistas, o círculo asistencial.



**ACTIVIDADES DE PACIENTES.** Abanicos creados por pacientes do hospital de día da área de Psiquiatría do Hospital Provincial forman parte da campaña 'Dáche un aire solidario'. preténdese dar visibilidade ao feito de que a recuperación dos pacientes de Psiquiatría non só debe facerse a través dos coñecementos e a práctica dos facultativos e do persoal de enfermería, senón que a dedicación e a entrega tamén xogan un papel fundamental.



**REUNIÓN GRUPAL PLAN DE PARTO.** Na semana 30 de embarazo o centro convoca ás parellas a unha reunión grupal, na que adquiren conciencia das decisións que poderán tomar sobre o seu parto. Un cuestionario facilita o deseño do plan de nacemento, un documento de preferencias que o equipo sanitario seguirá sempre que non xurdan complicacións. Vestir roupa propia, parir sentada ou en crequenas ou pinzar persoalmente o cordón umbilical son só algunhas das opcións.





## 2.7. APROXIMACIÓN Á POBOACIÓN

### INTERVENCIÓNS COMUNITARIAS FISIOTERAPEUTAS.

Segunda charla dos profesionais da Unidade de Desviacións do Raque do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra ao alumnado de cuarto de Primaria do CEP Campolongo. Campaña de prevención de dor nas costas entre a poboación infantil.



Obradoiro para escolares impartido polos fisioterapeutas do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra. Segundo taller de prevención de dor nas costas no CEIP Álvarez Limeses de Pontevedra.

### INTERVENCIÓNS COMUNITARIAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

- Centro de Saúde da Parda organizou en outubro dous obradoiros sobre obesidade e menopausa
- Centro de Saúde V Peregrina está a iniciar un proxecto de detección da soidade e illamento en persoas maiores
- Centro de Saúde de Lérez desenvolvendo un proxecto de educación para a saúde grupal de mulleres entre os 45 e os 60 anos (menopausa, actividade física, alimentación, tabaco e alcol)
- Centro de Saúde Vilagarcía teñen en marcha o proxecto MAPEO DE ACTIVOS EN SAUDE, coa idea de xerar unha rede de recursos na comunidade e dar coñecemento e accesibilidade aos mesmos tanto ás traballadoras e traballadores sanitarios como ás usuarias e usuarios do centro de saúde
- Centro de Saúde de Cuntis: Programa de promoción da saúde e prevención: "Prevención da fragilidade e caídas"
- Centro de Saúde do Grove: Proxecto de Igualdade de Xénero no Concello do Grove



- Centro de Saúde de Marín:
  - Taller en colexios públicos de prevención da dor de costas
  - Reunión no Centro de Saúde de Pediatras e Enfermeiras pediátricas con representantes da Policía
  - Nacional de Marín, no Centro de Saúde para coñecer o Plan de Participación Cidadá
  - Participación nas I Xornadas “VIOLENCIA DE XÉNERO E MULLER CON DISCAPACIDADE: HARMONÍA: UNHA VIDA SEN PROBLEMAS”
  - Prevención dos riscos do uso do alcol e outras substancias. Conferencia dirixida aos membros do Club Waterpolo Pontevedra
- Centro de Saúde de Baltar: “Mellora do cumprimento terapéutico en pacientes EPOC/Asma mediante a instrución no uso de inhaladores”
- Servicio de Cambados: Intervencións grupais en mulleres puérperas coas súas parellas e bebés.

**CICLOS DE CHARLAS SAUDABLES.** Organizados coa colaboración de La Voz de Galicia, e abertos a toda a cidadanía, configúranse como unha actividade fundamental para a protección da saúde, facilitando á poboación unha información básica e de calidade para a prevención de enfermidades a través dos relatorios de profesionais de recoñecido prestixio. Os temas para tratar elíxense en función do interese público, da prevalencia de determinadas patoloxías e a importancia que ten na súa evolución que os pacientes sigan unhas pautas de actuación definidas

- Martes 25 de setembro de 2018. "Estes esquecementos preocupáname. Teño demencia?" Dr. José Ramón Rodríguez Álvarez. Facultativo Especialista de Área de Neuroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra
- Mércores 10 de outubro de 2018 "O parto e a lactancia materna" D<sup>a</sup>. María González González. Matrona do Hospital do Salnés
- Martes 30 de outubro de 2018 "Por que debo vacinarme contra a gripe? Dez boas razóns". Dr. Javier Paz Esquete Xefe de servizo de Medicina Preventiva do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra
- Martes 13 de novembro de 2018 "Ante a obesidade infantil: Actívate!" D<sup>a</sup>. Cristina Pérez Gil Supervisora de Dietética e Nutrición
- Mércores 21 de novembro de 2018 "Incontinencia urinaria. Disfuncións do solo pelviano en muller adulta" Dr. Eloy Moral Santamarina Xefa de servizo de Xinecoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra

## PROMOCIÓN DA DOAZÓN

DONACIÓN DE SANGUE. Celebración da PONTEVEDRADA, peregrinación nocturna a Santiago de Compostela.



- DONACIÓN DE ÓRGANOS: ADROVI entrega en Hospital Provincial Premio ao mellor debuxo sobre a DONACION DE ORGANOS



**SOCIEDADE-HOSPITAL.** Actividades escolares de nenos de 6 anos que debuxan nas escaleiras do Hospital Provincial a fachada, a escultura de Barreiro e do donante.



#### **CELEBRACIÓN DIAS MUNDIAIS DE ESPECIAL SENSIBILIZACIÓN:**

6-4-18 visita del FC Pontevedra con motivo do DÍA MUNDIAL DA SAÚDE (7-4) e Día da actividade física (6-4)



11-4-18 DIA MUNDIAL DEL PARKINSON –Asociación APROPARK. Entrevista DRA. IRIA CABO



12-4-18 DIA NACIONAL DE LA ATENCIÓN PRIMARIA -Coro Sánchez Hernández, Jefa de servicio del Centro de Saúde Virxe Peregrina. La Atención Primaria debería ser el eje sobre el que pivote el sistema sanitario.



18-04-2018 DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DO PACIENTE. O xerente anuncia as asociacións da área sanitaria disporán proximamente de sendos espazos asociativos en Montecelo e no hospital do Salnés





5-5-18 DIA MUNDIAL da HIXIENE DE MANS. Concurso de Debuxos



12-5-18 DIA MUNDIAL DA ENFERMERÍA – conferencias e mesa informativa de ADROVI





13-5-18 DIA NACIONAL DO NENO HOSPITALIZADO – solta de globos e canción na entrada do Hospital provincial. Servizo de Pediatría



19-5-18 DIA MUNDIAL DA ENFERMEDAD INFLAMATORIA INTESTINAL- O xerente inaugura a xornada organizada por ASEII no PAZO DA CULTURA

28-5-18 DÍA NACIONAL DA NUTRICIÓN

Realizada en Centro de Saúde de Virxe Peregrina, San Roque, A Parda e Hospitais dá EOXI. Atención á poboación sobre a importancia do consumo diario de froitas, verduras etc. como elementos imprescindibles nunha adecuada dieta diaria. Difusión de: Pirámides, contos infantís dos Bolechas, folletos de lactación materna, cintas de medición abdominal para homes, cintas de medición abdominal para mulleres, folletos "Peixarías" (Consellería do Mar), folletos " Non Piques peques" (Consellería do Mar). Entrega de froita en Centro de Saúde A Parda.





31-5-18 DÍA MUNDIAL SEN TABACO



6-6-18 DÍA NACIONAL DOS DONANTES

14-6-18 DÍA MUNDIAL DOANTE DE SANGUE. ADO SANTIAGO ACTO PREMIOS

27-6-18 LIPID DAY H MONTECELO



24-7-18 DÍA INTERNACIONAL DO AUTOCUIDADO- Carmen Abeledo



1-8-18 SEMANA MUNDIAL DA LACTANCIA MATERNA – Conferencias diarias salón actos Hospital Provincial



3-10-18 DÍA MUNDIAL DO PACIENTE OSTOMIZADO- Llegada de Víctor Loira tras a Volta a Galicia en bicicleta. IV XORNADA DE OSTOMÍAS organizada pola ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS





7-10-18 SEMANA EUROPEA DE LACTANCIA H SALNES

16-10-18 DÍA EUROPEO RCP – MONITORES RCP EN HOSPITAIS

Ensinar á poboación técnicas de manobra básica de reanimación cardiopulmonar. Ese foi o obxectivo do obradoiro práctico de RCP que se celebrou na praza da Ferrería.

Foi un evento para conmemorar o Día Mundial de Concienciación do Paro Cardíaco, no que participou persoal de diversos centros sanitarios da cidade de Pontevedra, así como do 061, a Cruz Vermella e a Escola de Enfermería.

Os profesionais mostraron a manobra básica de reanimación cardiopulmonar a todas aquelas persoas interesadas en coñecer as técnicas esenciais coas que, seguindo unha serie de pasos sinxelos, calquera persoa é capaz de salvar unha vida.

Este obradoiro sumouse aos que ofreceron profesionais dos servizos de Medicina Intensiva e Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, dirixidos a persoal sanitario, pacientes e usuarios nos hospitais Montecelo e Provincial





06-11-2018-DÍA MUNDIAL DA DOR- XORNADA ATENCIÓN INTEGRADA DE DOR

14-11-18 DÍA MUNDIAL DIABETES- ANEDIA

16-11-18 DÍA MUNDIAL DE LA EPOC – O servizo de Pneumoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (CHOP) celebrou unha xornada de convivencia con pacientes para conmemorar o Día Internacional da Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica ( EPOC). O xefe de sección de Pneumoloxía, o doutor Adolfo Balóira.



17-11-18 DÍA MUNDIAL DEL NIÑO PREMATURO – Presentación do Banco de Leite



18-11-18 DÍA EUROPEO PARA O USO PRUDENTE DOS ANTIBIOTICOS- DR JULIO DIZ





25-11-18 DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



5-12-18 DÍA MUNDIAL DEL VOLUNTARIADO- Colexio SEK, Cruz Roja, Facultade de BELAS ARTES



### 3. RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

**CERTIFICADO ISO 14001-2015.** Dado que os hospitais son grandes produtores de residuos e consumidores de recursos enerxéticos e naturais, plantéxase desde a actividade hospitalaria a necesidade de ofrecer á cidadanía o equilibrio entre a atención sanitaria e o respecto ao medio ambiente, polo que se implantou un dos sistemas de xestión ambiental certificados (SGMA) máis recoñecidos, ISO 14001.

**DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE:** conmemoración na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés co agasallo dun piñeiro, auga embotellada en vidro e chapiña.



**COLABORACIÓN CON ONGS.** Máis de 3.000 quilómetros percorreron dúas médicas do Complexo Hospitalario de Pontevedra, CHOP, para axudar cos seus coñecementos sanitarios á poboación de Senegal. Laura Barcia, especialista en Medicina Interna, e Alicia Ferrero, en Medicina Dixestiva, viaxaron hai uns días ao país africano coa ONG Ecodesarrollo Gaia. Fixérono como experiencia vital, pero, sobre todo, porque cren que coa súa formación poderán achegar o seu granito de area a unha sociedade castigada na que a sanidade é, na súa gran maioría, de pago.



**VIOLENCIA 0.** O persoal do Complexo Hospitalario de Pontevedra contra a violencia machista distribúe Violentómetros.



**CORO DE PROFESIONAIS.** A Coral polifónica O CHOPO foi fundada en 2005, e está integrada por profesionais do complexo Hospitalario. Os profesionais comparten así momentos fora do entorno laboral e dáse continuidade dentro da organización sanitaria ao persoal xubilado





**ESPAZO SOLIDARIO.** As ONGs e entidades colaboradoras (Ex. Cruz Vermella, Fundación Carreras, Médicos sen fronteiras,...) de carácter social e sanitaria contan cun espazo na área de consultas do Hospital provincial para realizar funcións de sensibilización á poboación.



#### 4. RECOÑECEMENTOS

**PREMIOS E RECOÑECEMENTOS:** diferentes unidades asistenciais da xerencia recibiron recoñecementos pola súa calidade na atención aos pacientes

Un ano máis, o Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra ocupou un lugar destacado entre os centros hospitalarios que máis candidaturas finalistas conseguiu a nivel nacional na XIII edición dos Premios BIC, cos sete servizos e procesos asistenciais nomeados mencionados anteriormente.

**PREMIOS BIC (BEST IN CLASS) :** *Mejor Unidad de Psoriasis de España : Unidade de Psoriase* do CHOP. Servizo de Dermatoloxía.





[illegible]

**COMPROMISO COS PACIENTES OSTOMIZADOS.** Recoñecemento polo esforzo e compromiso cos pacientes ostomizados. A vicepresidenta do Consello Xeral de Enfermería fixo entrega esta semana do a José Antonio Esperón, subdirector de enfermería de Montecelo, quen acudiu en representación da Consellería de Sanidade.



PROXECTO METRO MINUTO DE CENTRO DE A PARDA. Premio Accésit para la EOXI de PONTEVEDRA O SALNES . I Premios SEDAP -FERRER Galicia 2018.



RECOÑECEMENTO DO PLAN DE HUMANIZACIÓN DA XERENCIA DE PONTEVEDRA O SALNÉS. III FORUM RIES. SMART HEALTHY & FRIENDLY CITIES @ClusterSaude



RECOÑECEMENTO AOS PROFESIONAIS: II Concurso de tarxetas de nadal e de decoración das unidades de atención primaria e hospitais. Primeiros premios e accésit.





**RECOÑECEMENTO AO PERSOAL XUBILADO.** Acto de homenaxe e despedida ao persoal xubilado da área sanitaria. Aos profesionais xubilados entrégaselles unha Tarxeta Ouro, agasallo e un diploma, ademais de asinar no libro de honra.



**ACOLLIDA ESTUDIANTES DE MEDICINA.** Acto de homenaxe e despedida.





ACOLLIDA E DESPEDIDA DOS RESIDENTES.



PROFESIONAIS DA XERENCIA CELEBRANDO O NADAL 2018





En 2019 seguiremos desenvolvendo as actuacións en marcha, coa ilusión de emprender novos proxectos e traballando sempre en equipo para ofrecer a Pontevedra O Salnés a mellor atención posible.

